



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DOUS DE XULLO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día dous de xullo de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trece de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201100000001729 de dona María Jesús Reimundez López.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada (DNI núm. 33255510-V), con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Cumbraos, en solo cualificado como solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas S+B+1; Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Manuel Castro Vila cun orzamento de 168.654,31 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Construírse de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará con entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona. En cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002 deberá dota-la finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de



forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (153,50 m²).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil trescentos setenta e tres euros con nove céntimos (#3.373,09#).

2.2.- Instancia núm. 201300000000268 de don Sergio Garaboa Castro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Laraño –San Xián de Sales, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N1), cunha ocupación máxima inferior ao 50% da parcela neta; núm. plantas B+1. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m., e un coeficiente inferior a 0,40 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Fernando Palomino Barba cun orzamento de 75.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza, debendo presentar antes do comezo das obras oficio de dirección do arquitecto técnico.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Construírse de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará con entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona. En cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002 deberá dota-la finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais, non debendo instalarse a unha distancia inferior a 20 m. dende calquera pozo da abastecemento. En cumprimento do decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, o espazo destinado a tendal deberá axustarse ás condicións establecidas por ese decreto no punto I.A.3.2.2.7.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (53,00 m²).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos euros (#1.500,00#)



2.3.-Instancia núm. 201300000000762 de dona M^a. Isabel Riveiro Albela.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Arteixo, solicita licenza para a construción dun alboio e un peche de parcela, no lugar de Sete –Santa Cruz de Ribadulla, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta, núm.: planta B. Altura máxima de cornixa menor a 3,50 m., e un coeficiente de 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Jorge Vales Lobato cun orzamento de 8.997,44 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

As obras do alpendre axustaranse ás seguintes condicións: Construírse de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará con entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

As obras do peche axustaranse ás seguintes condicións: A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixe da vía. Garantírase o natural discurrir das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. De acordo co establecido na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais, a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento setenta e nove euros con noventa e cinco céntimos (#179,95#)

2.4.- Instancia núm. 201300000000437 de don Manuel Louzao Rivadulla.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación de alboios consistentes en cambiar os tellados colocando uralita e tella, situados en Vista Alegre nº 1, en solo cualificado no PXOM como solo urbano ordenanza de fincas singulares (U-4).

Dáse conta así mesmo da autorización do Servizo do Patrimonio Cultural.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de



construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos setenta e tres euros con trinta e dous céntimos (#373,32#)

2.5.- Instancia núm. 201300000000550 de don Jesús Castro Blanco.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio consistente en cambiar o tellado, de aproximadamente 100 m² en planta, cambiando a chapa existente por outra, situado en Laraño nº 17.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cuberta revestirase con tella de cor vermella.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con noventa e seis céntimos (#74,96#)

2.6.- Instancia núm. 201300000000627 da Comunidade de Propietarios Rúa Manuel Texo.

Dáse conta da citada instancia na que don Cándido Canedo de la Torre, en representación da Comunidade de Propietarios Rúa Manuel Texo, solicita licenza para a rehabilitación do edificio situado no núm. 33 do lugar de Galegos, en solo cualificado no PXOM como solo urbano (U-2), consistente en pintar a fachada nunha superficie aproximada de 225 m², de acordo coa memoria presentada redactada polo arquitecto don Jorge Vales Fernández.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ao proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros con trinta e dous céntimos (#50,32#)

2.7.- Instancia núm. 201300000000734 de don Jesús López Mella.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a instalación de fosa séptica na parcela 217 do plano do acordo de concentración parcelaria de Sarandón, situada no lugar de Ribeira.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Construíranse a unha distancia maior de 6 m do centro do vial, 3 metros dos lindeiros e a máis de 20 metros de calquera pozo. O



sistema garantirá o seu tratamento para a súa posterior decantación e filtración ao terreo por gabias filtrantes. As augas grises trataranse de forma independente ao sistema de depuración e previo ao inicio das obras deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.8.- Instancia núm. 201300000000740 de don Fernando Seoane Devesa.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción dun pozo en finca resultante da parcelación núm. 510-3A, situada no lugar de Trobe.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Construírse a unha distancia maior de 3 metros dos lindeiros e a maior distancia de 20 m de calquera fosa séptica. A distancia do vial será a maior de 5 m dende o eixo. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia e non se comezarán as obras ata súa obtención, debendo axustalas ás condicións da autorización.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Instancia núm. 201300000000816 de don José Neira Agrelo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda consistente en cambiar a tella nunha superficie aproximada de 137 m² en planta, situada en Sarandón, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e seis euros con corenta céntimos (#146,40#)

2.10.- Instancia núm. 201300000000819 de don Manuel Gestoso Sinde.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación parcial do tellado dunha vivenda,



aproximadamente 50 m² en planta, consistente en cambiar a tella existente e reparar a fachada norte, aprox. 45 m² de superficie, consistente no encintado ou recebado, e máis para a rehabilitación dun muro de cerre consistente en repoñer algunha pedra solta, en Caxaraville, en solo cualificado no PXOM como Solo de Núcleo Rural de finca singular (N-3).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e nove euros con dezasete céntimos (#59,17#)

2.11.- Instancia núm. 201300000000826 de don Antonio López Núñez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio de aproximadamente 80 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situado no lugar de Pedreira nº 3, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e cinco euros con corenta e nove céntimos (#85,49#)

2.12.- Instancia núm. 201300000000879 de don Luís Cabo Boo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para construción dun muro con base de formigón, postes e arame dunha lonxitude aproximada de 29 m, acondicionamento da eira da vivenda nunha superficie de 150 m e recheo na zona inferior da parcela con terra vexetal de



aproximadamente 25 cm. no lugar de Vilar nº 3, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: A distancia mínima para o cerre será de 5,00 m de distancia dende o eixe da vía.. Garantirase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia. Respetaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.13.- Instancia núm. 201300000000843 de don Benigno Tamargo Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de acondicionamento de entorno de vivenda consistentes na apertura dunha gábea no perímetro da vivenda, impermeabilización de muros e formación de beirarrúas, situada en Laraño nº 29, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, non tendo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.14.- Instancia núm. 201300000000427 de dona M^a. José Laredo Gamallo.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 1767 de concentración parcelaria de Ribadulla (Ref.Catastral 15090A507017670000AR), situada en Albela, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), en tres parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1.- Concederlle a licenza de parcelación solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros.

2º.- O terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.15.- Instancia núm. 201300000000738 de don Enrique Neira Parada e outros.



Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Santiago, solicitan licenza para proceder á parcelación da finca núm. 584 de concentración parcelaria de Ribadulla (Ref.Catastral 15090A507005840000AZ), situada en Canicoba, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1.- Concederlle a licenza de parcelación solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2º.- O terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.16.- Instancia núm. 201300000000830 de dona M^a. Graciela Torres Porto.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vilanova, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 01/09/2010 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Vilar (licenza 2010/008/000023), e rematadas as mesmas, e achegando a documentación preceptiva solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia e 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle conceda a correspondente licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros.

3º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do servizo de xestión de instalacións e actividades do pavillón municipal de Vedra, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa , con varios criterios de adxudicación.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

4º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos de axuda no fogar.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato cuxo obxecto é a colaboración na realización do servizo de axuda no fogar, consistente na prestación dos servizos descritos nas prescricións técnicas, na parte que non se poida cubrir co persoal municipal.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Núm. Factura	Provedor/Acredor	Importe	Descrición
A 12	Nuñez Rua Manuel-Claudio O Terron	532,01 €	Produtos subministrados en abril e maio
A-475	Autocares Mougán S.L.	310,20 €	Servizo de autocar prestado para a Festa 3ª Idade 2013
179/13	Talleres y Repuestos Barco S.L.	433,91 €	Materiais e repostos para desmalezadoras e outros. Mes maio
1.301.043.806	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	31,46 €	Regularización IPC aluguer 2013 locais Santa Cruz
1.301.043.952	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	223,12 €	Aluguer locais estación Santa Cruz mes xuño
A/19	Labralia - Comercial Agrícola Vedra S.L.	92,27 €	Árbores e outros produtos subministrados en maio
2013/1457	Sogama S. A.	8.075,08 €	Tratamento de residuos mes maio
1372/2013	Ortigueira S.A.	145,20 €	Camelias para a promoción turística de Vedra
72/2013	Produccións Teatrais Talia, S.L.	2.790,00 €	Actuación dentro da Rede Cultural da Deputación 2013
463	Viajes Peillet S.L.	357,50 €	Servizo autocar viaxe 3ª Idade a Outariz o 29/05 con achegas dos participantes
462	Viajes Peillet S.L.	550,00 €	Servizo de autocares para excursión do CEIP de Santa Cruz a Sobrado o 27/05
464	Viajes Peillet S.L.	220,00 €	Servizo de autocar para viaxe do CRA de Vedra o 31/05 ao Pico Sacro e Santa Cruz
461	Viajes Peillet S.L.	165,00 €	Servizo de autocar para viaxe dos nenos das escolas deportivas o 19/05
0243/E13	Talleres San Fins S.L.	427,71 €	Reparación vehículo C15 C4407BM en maio
13AB/00108	Toldos Gomez, S.L. (Pancarta)	-122,28 €	Fra. de abono por devolución de dúas bandeiras España de exterior
06/81	Touceda Touceda Manuel Angel - Construcciones	1.378,19 €	Colocación tubos e arquetas na vía pública en Ximonde-San



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	Touceda		Miguel
0101-1300584	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	34,98 €	Recollida de residuos no punto limpo mes maio
277-8/13 F	Aquagest, Promocion Tecnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA	979,68 €	Traballos realizados na traída de augas de San Fins (probas de presión, conexións e enlaces)
0247/E13	Talleres San Fins S.L.	115,77 €	Reparación tractor John Deere E2564BDT en maio
0245/E13	Talleres San Fins S.L.	27,23 €	Reparación desmalezadoras brigada verde en maio
0244/E13	Talleres San Fins S.L.	708,43 €	Reparación tractor John Deere C89650VE en maio
0248/E13	Talleres San Fins S.L.	1.138,29 €	Reparación desmalezadoras e remolque en maio
0249/E13	Talleres San Fins S.L.	1.064,08 €	Reparacións retroexcavadora E6073BBD en maio
TA4D10036774	Telefónica de España, SAU-Movistar	22,48 €	Servizo telefonía fixa na sede de P.Civil mes xuño
2.000.918	Banyan Clean, S.L.	203,04 €	Produto para o servizo de limpeza servido en xuño
06/2013	Telefónica de España, SAU-Movistar	908,40 €	12 fras. de xuño polos servizos de telefonía fixa
1190 y 7717	Acredores diversos	44,38 €	Tickets de Eroski por produtos para madrugadores
13/074	M.C. Mapoca, S.L.	126,93 €	Materiais para obras en multiusos da parroquia de Trobe servidos en maio
Varias	Acredores diversos	1.230,00 €	Gastos comida e guía viaxe da 3ª Idade ao Barco de Valdeorras con achegas dos participantes
13PA/0123	Toldos Gomez, S.L. (Pancarta)	147,62 €	Subministro de 2 bandeiras de España de exterior
3.130.410.363.580	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.328,82 €	Subministro ao CPI de Vedra mes abril
3.130.510.111.897	Unión Fenosa Comercial, S.L.	2.806,18 €	Subministro ao CEIP de Santa Cruz meses marzo e abril
3.130.410.370.095	Unión Fenosa Comercial, S.L.	237,86 €	Subministro á gardería mes abril
3.130.510.081.359	Unión Fenosa Comercial, S.L.	376,26 €	Subministro á depuradora de Calzande mes abril
3.130.410.365.060	Unión Fenosa Comercial, S.L.	102,75 €	Subministro á piscina meses marzo e abril
3.130.410.368.295	Unión Fenosa Comercial, S.L.	685,82 €	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede meses marzo e abril
3.130.410.361	Unión Fenosa Comercial,	478,24 €	Subministro á casa consistorial



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



.962	S.L.		mes abril
3.130.410.368 .076	Unión Fenosa Comercial, S.L.	359,25 €	Subministro ao bombeo de Paradela mes abril
3.130.410.369 .007	Unión Fenosa Comercial, S.L.	410,21 €	Subministro ao bombeo de Sol meses marzo e abril
05/2013	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.391,46 €	5 fras. de maio por subministro a 5 alumeados públicos mes abril
05/2013	Gas Natural, SA	11.324,65 €	Fras. de maio por subministro ao alumeado público
32	Grupo Acofide, S.C.	902,99 €	Material para a piscina e para diverso equipamento deportivo en CPI e pista polideportiva de Merín
562.620.136.8 00.547	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	7.839,59 €	Produto para recheo de pistas subministrado en xuño
VD 06/2013	Ana Naya Garcia. S.L.	6.172,30 €	Servizo de gardería na escola infantil mes xuño
130.000.227	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	109,64 €	Materiais para reparación taboleiros de anuncios parroquiais
130.000.228	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	151,92 €	Materiais para arranxo fosa séptica do campo de fútbol de Santa Cruz
130.000.226	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	13,20 €	Copias de chaves e outros para a nave de Trobe
V13-125	Servinor Prevencion, S.L.	450,00 €	Vixilancia da saúde individual de 15 traballadores municipais
21	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbia	56,10 €	Produtos servidos con motivo da exposición do curso de pintura 2012/2013
28-G381- 719380	Telefónica Moviles España, S.A.	397,31 €	Fra. de xullo polo servizo de telefonía móbil
36	Grupo Acofide, S.C.	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes xuño
37	Grupo Acofide, S.C.	3.193,19 €	Xestión da piscina municipal mes xuño
13/6	Freiria Suarez Jose Maria	3.905,19 €	Servizos de limpeza mes xuño
21/2013	Fermin Gonzalez Blanco, S.L.	2.539,60 €	Asistencia técnica Parque Empresarial mes xuño
13PA/00129	Toldos Gomez, S.L. (Pancarta)	90,75 €	Subministro de bandeira de Galicia para exterior
189 F13	Noroeste Tecnologias IT Global, S.L.	211,75 €	Subministro de 5000 sobres de <i>ventanilla</i> con logo
FV-13/7	Garcia Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Clases de manualidades mes xuño
950/182815	Initial Textiles e Higiene,	255,43 €	Unidades hixiénicas para a casa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	SL		do concello e a gardería durante 2S/2013
6	Suarez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue de peregrinos mes xuño
	Membros da comisión técnica constituída para o procedemento de contratación do servizo de mantemento do alumado público	318,96 €	Indemnización e quilometraxe polas reunións mantidas os días 26/06/2013 e 02/07/2013 para a avaliación técnica das empresas concorrentes
	Piñeiro Caldelas M ^a Jesús	306,75 €	Quilometraxe por xestións oficiais realizadas nos meses de abril, maio e xuño
	Vilas Giadanes M ^a Cruz	41,65 €	Quilometraxe e aparcamentos de maio e xuño
	De la Fuente Fernández M ^a Montserrat	14,54 €	Quilometraxe e aparcamento por asistencia a xornada técnica sobre puntos limpos en Santiago o 28 de xuño
	Munín Castelao José I.	240,00 €	Quilometraxe correspondente aos meses de abril, maio e xuño

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía do mes de xuño:

Nº Decreto	Data	Asunto
187	03/06/2013	Ordenando suspensión obras na parcela 164 do acordo de concentración parcelaria de Vilanova -Merín (Cumbraos)
188	03/06/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel Albores Cabo
189	04/06/2013	Autorización VII Serán en Xián de Sales
190	06/06/2013	Ampliación intensidade Saf a María Pallas
191	06/06/2013	Autorización disparo fogos artificiais en San Xián con motivo das festas
192	06/06/2013	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Iván López Barrio
193	06/06/2013	Autorización celebración festas parroquiais en San Xián de Sales
194	06/06/2013	Incoando expediente recuperacións posesión viais inscritos no Inventario municipal de bens (nº 199 e 200)
195	06/06/2013	Paralización obras de construción de cerre en Vilar -Vilanova



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



196	06/06/2013	Apertura e limpeza de camiño en Rosende -Merín
197	07/06/2013	Solicitude subvención para redución abandono escolar
198	10/06/2013	Alta padrón municipal de habitantes de José Manuel de la Torre Lobato
199	10/06/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Xaimé Moré Mosqueira e Susana Varela Espido
200	10/06/2013	Cambio domicilio no padrón municipal de habitantes de Alicia Villanueva Gaspar
201	11/06/2013	Solicitude obradoiro de emprego en colaboración co Concello de Boqueixón
202	11/06/2013	Alta no padrón municipal de habitantes de Belén Adrio Nazar e fillas
203	11/06/2013	Alta padrón municipal de habitantes de David Riveira Dieguez
204	12/06/2013	Solicitude subvención Fondo de Compensación Ambiental
205	13/06/2013	Execución forzosa de orde de paralización de obras incumplida por dona M ^a . Jesús Reimundez López
206	14/06/2013	Autorización colocación de bandeirolas con motivo da volta ciclista a España
207	17/06/2013	Autorización celebración festa do chourizo en San Pedro de Sarandón
208	17/06/2013	Autorización celebración festas parroquiais en San Pedro de Sarandón
209	17/06/2013	Alta padrón municipal de habitantes de María Trinidad Rey Salgado e fillos
210	18/06/2013	Alta en el padrón municipal de habitantes de Doris I. Iglesias Amores
211	18/06/2013	Alta en el padrón municipal de habitantes de María Rosa Carregal Suárez
212	18/06/2013	Alta en el padrón municipal de habitantes de Rocío Iglesias Villanueva e fillo
213	19/06/2013	Incorporación SAF de Dolores Josefa Fernández Campos
214	19/06/2013	Nomeando expertos Comisión Técnica contrato reparación e mantemento de material da iluminación pública do Concello de Vedra
215	20/06/2013	Alta padrón municipal de habitantes de David Cobas Medín
216	20/06/2013	Autorización corte vías con motivo da celebración da Caravana de San Cristovo
217	21/06/2013	Concesión praza gardería municipal a menor Lana Nayara Alemán Pardo para o curso 2012-2013
218	21/06/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Susana Cuns Noya



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



219	21/06/2013	Autorización disparo fogos artificios en San Pedro de Sarandón e Vilanova con motivo das festas parroquiais
220	21/06/2013	Solicitud de subvención para soterramento de infraestruturas
221	25/06/2013	Aprobación lista provisional de admitidos gardería municipal curso 2013-2014
222	27/06/2013	Contratación a Rubén Nieto como axudante de recollida de lixo período de vacacións
223	27/06/2013	Aprobación cadro características obra de Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño do POS 2013
224	27/06/2013	Aprobación cadro de características obra de Acondicionamento de camiños do POS
225	27/06/2013	Ordenando a limpeza fincas núm. 538 e 538 do polígono 503 do plano de catastro de rústica deste concello
226	27/06/2013	Autorizando corte tráfico na vía de acceso ao campo da festa de Ponte Ulla os días 22 e 23 con motivo da celebración das festas parroquiais
227	27/06/2013	Rescate do persoal municipal de prestación do SAF por finalización do contrato
228	28/06/2013	Alta padrón municipal de habitantes de Alba Iglesias Vázquez

7º.- Outros asuntos

7.1.- Escrito núm. 201300000000820 da Asociación O Souto de San Fins de Sales

Dáse conta do citado escrito no que don Arcadio Vázquez Carbajales, en calidade de Presidente da Asociación O Souto de San Fins de Sales, expón que entre os fins da asociación está o mantemento e coidado da carballeira “O Souto”, no que se levan a cabo múltiples actividades organizadas por esta asociación, pola asociación de festexos e pola ANPA da escola unitaria para eventos escolares, o que supón uns gastos non asumibles nestes momentos de difícil situación económica, polo que solicita a colaboración do concello a través dunha axuda económica para sufragar os mesmos.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos (#500,00#) euros. Para o cobro da mesma deberán presentar xustificantes de gastos de polo menos o dobre da cantidade concedida.

7.2.- Escrito núm. 201300000000837 da Asociación Cabalar Rio Pereiro.

Dáse conta do citado escrito no que a citada asociación solicita a concesión dunha axuda económica para a ruta cabalar que se celebrou o pasado 30 de xuño.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de douscentos cincuenta (#250,00#) euros, deberán para o cobro da mesma presentar xustificantes de gastos de polo menos o dobre da cantidade concedida.

7.3.- Escrito núm. 201300000000716 da AA.VV. O Campanario



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado escrito no que don Jesús Otero Barros, en calidade de Presidente da Asociación O Campanario de Trobe expón que teñen previsto levar a cabo a obra da ampliación do cemiterio parroquial, solicitando a concesión dunha axuda económica para sufragar os gastos da realización da citada obra.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de setecentos (#700,00#) euros, deberán para o cobro da mesma presentar xustificantes de gastos de polo menos o dobre da cantidade concedida

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cinco minutos.